



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Rectificación da resolución de Alcaldía núm. 82/2024 pola que se aproba a convocatoria e as Bases reguladoras do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes a prazas de peón/a para o departamento de obras e servizos básicos

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 451/2024, de data 15.04.2024, aprobouse a rectificación da Resolución da Alcaldía núm. 82/2024, cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“Asunto: RECTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 82/2024 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E AS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE ASPIRANTES A PRAZAS DE PEÓN/A PARA O DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN

Expediente: 2024/E001/000003/; 2024/G003/000081; 2024/G003/000484

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 26 do 05.02.2024 publicouse a Resolución da Alcaldía núm. 82/2024 do 30.01.2024 pola que se aproba a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes a prazas de peón/a para o departamento de obras e servizos básicos mediante o sistema de oposición.

Con posterioridade, nas ditas bases advertiuse a existencia dun erro material relativo á documentación a presentar polos integrantes da bolsa chamados no suposto de aceptación da oferta, dado que esta documentación reproduce literalmente a prevista nas bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura en quedan libre, das vacantes incorporadas nas diferentes ofertas de emprego público do Concello de Fene, omitíndose por erro tipográfico a necesaria presentación de certificado médico que acredite a capacidade funcional para o desempeño do posto.

Consonte ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Tendo en conta o anterior e en uso das atribucións da alcaldía polo art. 21.1.h) da LRBRL, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Rectificar o erro material da Resolución de alcaldía núm. 82/2024 do 30.01.2024, de xeito que no apartado 7.1.b.2):

Onde di:

“b.2.- No suposto de aceptación da oferta, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego que proceda e na data prevista ao efecto, do/a integrante da bolsa chamado e que teña aceptado, ao que se lle requirirá para que antes desta no prazo concreto sinalado ao efecto, presente a seguinte documentación:

a) Declaración responsable na que fará constar e manifestará (sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidese incurrir):

- Aceptación expresa do nomeamento ou contratación, segundo proceda.
- Seguir reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos, e acreditados, no momento de terse presentado ao proceso selectivo.

• No caso do persoal funcionario, non estar separada ou separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de funcionarios/as do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada. No caso de persoal laboral, non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos

constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.

- Non estar incurso/a en causa algunha de incapacidade nin de incompatibilidade, de conformidade coa normativa aplicable, que imposibilite a ocupación e desempeño do posto.

b) Número de afiliación á seguridade social

c) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais

(...)"

Debe dicir:

b.2.- No suposto de aceptación da oferta, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego que proceda e na data prevista ao efecto, do/a integrante da bolsa chamado e que teña aceptado, ao que se lle requirirá para que antes desta no prazo concreto sinalado ao efecto, presente a seguinte documentación:

a) Declaración responsable na que fará constar e manifestará (sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidese incurrir):

- Aceptación expresa do nomeamento ou contratación, segundo proceda.

- Seguir reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos, e acreditados, no momento de terse presentado ao proceso selectivo.

- No caso do persoal funcionario, non estar separada ou separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de funcionarios/as do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada. No caso de persoal laboral, non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.

- Non estar incurso/a en causa algunha de incapacidade nin de incompatibilidade, de conformidade coa normativa aplicable, que imposibilite a ocupación e desempeño do posto.

b) Número de afiliación á seguridade social.

c) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.

d) Certificado médico oficial asinado por un colexiado en exercicio no que conte expresamente que ten a capacidade funcional (capacidades e aptitudes físicas e psíquicas) necesaria para o desempeño das funcións e tarefas da praza á que se accede.

(...)"

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente o 16.04.2024 polo alcalde Juventino José Trigo Rey

2024/2605